



Resolución do 1 de febreiro de 2008, da comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Arquitecto, convocado por resolución do 28 de novembro de 2007 (DOG do 4 de decembro de 2007), pola que se aproba e se fai pública a relación de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego, se convoca a relación da proba de galego e outros acordos.

En sesión que tivo lugar o día 1 de febreiro de 2008, a comisión de selección designada para cualificar o proceso para o ingreso na lista previa na categoría de Arquitecto, convocado por resolución do 28 de novembro de 2007 (DOG do 4 de decembro de 2007) do Director-Xerente, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Aprobar a relación de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.

De conformidade co establecido na base xeral 1.6.1 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso, acordou aprobar a relación de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística.

Segundo.- Facer pública a listaxe de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego.

De conformidade co establecido na base xeral 1.6.1 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso, acordou facer pública a listaxe de candidatos que non acreditaron o coñecemento do idioma galego mediante a presentación de diploma, certificado ou curso homologado polo órgano competente en materia de política lingüística, e que se relacionan no anexo.

Terceiro.- Convocar á realización da proba oral.

De conformidade co disposto na base xeral 1.6.1 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso, acordou convocar os candidatos que se relacionan no anexo para a realización da proba oral de galego.

Cuarto.- Data, hora e lugar para a realización da proba e desenvolvemento da mesma.

De conformidade co disposto na base xeral 1.6.1 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso, a proba realizarase o día 7 de febreiro de 2008, na sede de servizos centrais de Seaga,



sita no polígono industrial do Tambre, Vía Marconi, nº 14, 15.890 Santiago de Compostela, en chamamento único en sesión que se iniciará as 10:30 horas, dende Fra Feliz, José Antonio, ata Conte García, Ibona, ámbolos dous inclusive.

O tempo máximo para a realización de dita proba será de 15 minutos.

A orde de actuación dos candidatos iniciarase alfabeticamente polo primeiro da letra “D”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 12 de febreiro de 2007, pola que se publica o resultado do sorteo realizado segundo o disposto nas bases xerais aprobadas polo Consello de Administración de SEAGA en data 12 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 14 de novembro de 2007 e corrección de erros do 15 de novembro de 2007, e corrección de erros na páxina web de Seaga do 20 de novembro de 2007). Se ben se trata dunha proba a realizar no ano 2008 e o resultado deste sorteo determina a orde de actuación dos candidatos nos procesos de selección que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2007, en tanto non se celebre dito sorteo para os procesos de selección que se deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2008, a orde de actuación será para esta proba a establecida para o ano 2007.

Os candidatos serán convocados en único chamamento, sendo excluídos os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificadas libremente apreciados pola comisión de selección. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

Esta proba valorarase como apta ou non apta, correspondéndolle á comisión de selección determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

A proba será gravada por medios técnicos ou calquera outros que permitan deixar constancia ou soporte documental da mesma aos efectos oportunos.

Non se permitirá no recinto onde se realice a proba o acceso e tenza de teléfonos móbiles, axendas ou demais dispositivos de carácter electrónico. Así mesmo, queda prohibido o acceso ó recinto con calquera outro material ou instrumento de que se poida valer o candidato para auxiliarse na realización do exercicio. Advírtese que non haberá servizo de recollida do referido material, instrumento ou dispositivos.



Quinto.- Criterios de cualificación dos candidatos na proba.

A proba de capacidade de lingua galega pretende diagnosticar o grao de competencia dos candidatos en función da súa competencia lingüística (comprensión auditiva e expresión oral) e comunicativa para desenvolverse no cumprimento do posto de traballo. Buscase que o candidato poida interactuar en galego, en situacións que se van dar frecuentemente no desenvolvemento do posto de traballo, que poida expresarse e entenderse clara e detalladamente en circunstancias normais de comunicación que non requiran un uso especializado da lingua, e que poida comunicar, de forma adecuada, consellos, opinións, desexos e necesidades.

A proba consistirá nunha conversa sobre diferentes temas na que se valorarán exclusivamente as destrezas lingüísticas do individuo, valorándose conxuntamente tanto a comprensión auditiva (se entende o que se lle di) como a expresión oral (como fala) dun xeito global.

A proba cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superala coa condición de apto, obter un mínimo de 10 puntos, correspondéndolle a comisión de selección determinar o nivel de destreza lingüística esixido para acadar a puntuación mínima e a condición de apto ou non apto.

Sexto.- Incorporación de asesor especialista.

De conformidade co disposto na base xeral 2.1.8 e na base específica 1.4.1 das que rexen o proceso selectivo, a comisión de selección acordou a incorporación do asesor especialista que se relaciona a continuación, que se limitará a prestar a súa colaboración na súa especialidade, e que terá voz pero non voto. A incorporación do dito asesor foi proposta pola comisión de selección ó Director-Xerente, e foi aceptada e nomeado o asesor especialista polo Director-Xerente, mediante resolución de 4 de xaneiro de 2008.

Nome e apelidos: Manuel Núñez Singala

Titulación / especialidade: Licenciado en Filoloxía Hispánica (Sección Galego Portuguesa)

Santiago de Compostela, a 1 de febreiro de 2008.

Asdo.- José Martín Martínez Abal

Presidente da comisión de selección.



DNI cc sq.
10045365T
30649602D
32635578G
36040787V
36107950C
46914659H
76713366V
76822529E